



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

CONVENIO URBANÍSTICO DE PLANEAMENTO PARA A ORDENACIÓN DUN SOLAR EN CORUXO COSTA (AOP-14), PREVISTO NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, SUSCRITO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E PROPIETARIOS DE TERREOS SITOS NO DITO ÁMBITO

En Vigo a 22 de decembro de 2009.

REUNIDOS

Dunha parte, D. ABEL CABALLERO ALVAREZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Vigo, e

Doutra, D. JOSE MANUEL OTERO REY, maior de idade, con DNI 35.251.587-q, tendo en conta o escrito presentado o 30.11.06 no que se comunica o cambio de titularidade a favor da sociedade "Silgarsol, S.L.", da que é administrador único

INTERVEÑEN

D. Abel Caballero Alvarez, na súa condición de Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Vigo; e D. Jose Manuel Otero Rey (no sucesivo, a Propiedade), na súa calidade de administrador único segundo a escritura de constitución da Sociedad de data 10.10.06, con CIF B-36.442.945

Os reunidos, na condición na que interveñen, recoñécense coa capacidade necesaria para formalizar o presente Convenio Urbanístico que se tramitará de conformidade co disposto no título VIII da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG), a cuxo fin

EXPOÑEN

I. O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo foi aprobado definitivamente polas Ordes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 16.05.08 (DOG 3.06.08) e da Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestructuras de data 13.07.09 (DOG 24.07.09).

II. O Concello de Vigo considera oportuno e convinte garantir ata o máximo posible o desenvolvemento e execución do novo PXOMV á luz dos principios da LOUG e, mais en concreto co regulado no Título VIII (artigos 233 a 237), sobre os Convenios Urbanísticos.

Convenio incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e da CMATI de 24.07.09.

("Coruxo Costa")

Página 1 de 6



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

III. A súa vez, a Propiedade manifesta:

1. Que é titular do dominio pleno dun solar na rúa Canido s/n, en Outeiro (Coruxo), según consta no expediente, baixo a denominación de "Parcelas Iniciais", que contaba cunha superficie de 3.150 m² e que agora mesmo dispón de 3.050 m² (descontados os xa cedidos ao Concello de Vigo por medio de documento notarial), e que ten como lindeiros:

- Norte: Parcela segregada, que separa da estrada a Canido.
- Sur: Terreo e bloque de vivendas promovidas por Coribasa (coñecidos como "Apartamentos Rías Baixas")
- Leste: D. Carlos Nogueira
- Oeste: Camiño e escaleiras de baixada á praia e, logo, D. Joaquín Loredó.

2. Manifesta igualmente a Propiedade que, mesmo tentando sintetizar ao máximo o devalar urbanístico que ten afectada a parcela de referencia nestes últimos doce anos, ten que sinalar:

- Que o 31 de maio de 1991, o Concello de Vigo concedeu Licenza de Obras ao abeiro do PXOU vixente daquela, a Sra. Vistoria Mendizábal, para desenvolver na parcela de 3.150 m² da súa propiedade.

Con posterioridade a empresa "Balaídos Beiramar S.L." mercou á Sra. Mendizábal a devandita parcela, coa súa Licenza de Obras e cos correspondentes Proxectos Básicos e de Execución.

- Que, escasamente, un mes despois de concedida a Licenza (29-6-91), esta foi recorrida pola Comunidade de Veciños do Edificio Rías Baixas perante o Concello.

- Que o Concello de Vigo, logo de visto o informe do Secretario Xeral, desestimou o recurso dos veciños contra a licenza, o día 11-11-91.

- Que, entre tanto, e cando as obras xa estaban avanzadas, e dous meses longos antes da desestimación do dito recurso, o Conselleiro da Xunta de Galicia, Sr. Cuíña, tiña decretado xa a suspensión do PXOU de Vigo (19-09-91)

En calquera caso, o Concello desestimou un novo recurso dos veciños do Edificio Rías Baixas (30-10-1992) contra a licenza de construción.

- Que, non obstante, o día 11-11-1992 acordouse constituír unha Comisión Especial para investigar a Licenza concedida. O 14-04-1993 prodúcese un acordo da Comisión no que textualmente se di que "a parcela está prevista coa mesma zonificación no plan actualmente en tramitación pendente de aprobación pola Xunta de Galicia", e que "por outra parte, o plan actualmente en tramitación, está soamente pendente da aprobación por parte da Xunta de Galicia e haberá que a terse ó que resolva o Consello da mesma"

Convenio incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e da CMATI de 24.07.09.

("Coruxo Costa")

Página 2 de 6





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

- Que no texto da aprobación provisional do novo PXOU a parcela de Coruxo obxecto do presente Convenio, foi calificada como 1.3. B (vivenda unifamiliar), desaparecendo a calificación que tiña no PGOU suspendido que era, como se sabe, a de 1.2. B. (vivenda colectiva)

- Que, presentada a alegación pertinente contra ese cambio, o novo PGOU, que foi aprobado provisionalmente o 27-10-92 como "Subsanación de Deficiencias e Adaptación do Plan xeral de Ordenación Urbana do 1988 á LASGA", comezou por deixar calificada a litixiosa parcela como 1.2.B, segundo consta na Certificación do 13-11-92, asinada polo Sr. Alcalde e máis polo Sr. Secretario.

- Que, non obstante, o 25-02-93, a Licenza que fóra recorrida pola vía contencioso administrativa no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia polos veciños do Rías Baixas, resulta anulada por ese Tribunal, porque "al revocarse la aprobación definitiva (del PGOU 90) recobra vigencia el plan anterior y a su amparo no se podía otorgar la licenza impugnada".

- O 29-04-93, o Consello da Xunta de Galicia acorda a aprobación definitiva do PXOU 93. O 14-07-93 é publicada no B. O. de Pontevedra e o 09-11-93. Entón, a empresa Balaídos Beiramar S.L., propietaria do solar solicitara do Concello a tramitación do mesmo proxecto básico presentado outrora, en base á cualificación que tiña a parcela de Coruxo no novo PXOU 93. E que ao non ter contestación por parte do Concello, o 10-01-94, Balaídos Beiramar S.L. remitiu escrito á Comisión Provincial de Urbanismo denunciando a mora. Posteriormente, o 17-02-94, solicitarase, na mesma Comisión Provincial a Licenza por Silencio Administrativo.

O 21-02-94, o Concello de Vigo informa ao Servizo Provincial de Urbanismo e Arquitectura, nun escrito asinado pola Arquitecta Municipal, Sra. María Luisa Sobrino, que a cualificación da parcela se corresponde coa ordenanza 1.2.B.

Non obstante, o 15-04-94 a Comisión Provincial de Urbanismo denega a mora.

- Que en 1995, ano no que con data do 18 de xaneiro, se presenta unha vez máis o proxecto básico para a pertinente obtención da licenza.

O Concello contesta solicitando á Propiedade a redacción dun Estudo de Detalle. O 15 de xuño do 1995, preséntase o requirido Estudo de Detalle.

Pero, o 30-10-96, o Concello acorda nun pleno, aprobar ese Estudo de Detalle "significándolle aos interesados que o novo Estudo de Detalle deberá axustarse aos parámetros da ordenanza 1.3.B que é aplicable á súa parcela". O día 25 do mes seguinte, Balaídos Beiramar S.L. recibe a comunicación do acordo do Pleno.

O día 30 de abril do 1999, nove anos despois de obtida a licenza da que se fixo mención, o Tribunal Supremo confirma a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. E, a este respecto é moi importante facer constar que o

Convenio incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e da CMATI de 24.07.09.

("Coruxo Costa")

Página 3 de 6





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

propio Concello se tiña persoado, tamén perante o Supremo, defendendo a licenza, tal como era a súa obriga.

- Que, neste momento está pendente outra sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra o acordo do Pleno xa mencionado.

- E que, a maiores, na actualidade, a Propiedade ten interposto perante o tribunal Superior de Xustiza de Galicia, unha reclamación por gastos, danos e prexuízos, etc., contra o Concello de Vigo, pola anulación da Licenza do ano 1991, ao que ten dereito por Lei.

3. Manifesta, por último a Propiedade que, unha vez coñecido o Avance de Planeamento do PXOM actualmente en redacción, púxose en contacto co Equipo Redactor para tentar obter unha solución que permita desatascar a construción na parcela de referencia. E que, coñecidos os criterios do Equipo Redactor manifestou a súa aquiescencia a deseñar unha ordenación que non exceda a cota alta da parcela, cunha tipoloxía de residencial colectiva, retranqueada a respecto da rúa Canido, pero con acceso dende a mesma, todo elo, segundo se reflicte no plano de Ordenación que se anexa ao presente Convenio.

4. En data 30.11.06 don Jose Manuel Otero Rey, en representación da Sociedade "Silgarsol, S.L." comunica a transmisión da parcela en cuestión ao seu favor.

IV. Que, en consecuencia con todo o manifestado anteriormente, as partes que interveñen manifestan o seu dereito de subscribir o presente Convenio Urbanístico, o cal leva a efecto con suxeición ás seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- O Concello comprométese a ordenar a parcela da que se fixo mención na Exposición, conforme ós seguintes parámetros:

1º) Clasificar a parcela como Solo Urbano Consolidado, coa aplicación da ordenanza de Media Densidade e cunha edificabilidade de 0'82 m²/m², cun máximo construíble para usos lucrativos de 2.500 m².

2º) Fixar como aliñacións e rasantes as que se conteñen no plano de "Ordenación Xeral" que figura anexo a este Convenio.

SEGUNDA. A Propiedade comprométese a ceder gratuitamente ao Concello e completamente urbanizados, os terreos destinados á zona verde que se prevé entre a rúa de acceso aos aparcamentos situados por baixo das edificacións e a rúa Canido, de aproximadamente, 250 m² e a incrementar en 92 m² (que se suman aos 84 m² xa cedidos con anterioridade) para conformar unha beirarrúa de 2'5 m. en toda a fronte

Convenio incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e da CMATI de 24.07.09.

("Coruxo Costa")

Página 4 de 6



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

da rúa Canido limítrofe ca súa propiedade (excepción feita dos 12 m. de ancho que conforman o arranque da vía de acceso ás vivendas)

TERCEIRA. A Propiedade, de acordo co establecido na lexislación vixente, terá o deber de completar a urbanización conforme as Estipulacións do presente Convenio e as Normas Xerais de urbanización do futuro Plan Xeral de Ordenación e a elo se compromete o Concello, a conceder a licenza ao proxecto de edificación que se solicite, axustado ás condicións que fixa o novo PXOM, para a parcela, simultaneamente á do proxecto de urbanización antedito, se así se prantexa pola Propiedade.

En todo caso, a Propiedade comprométese a solicitar a licenza de edificación antes de transcorrido un ano dende a aprobación definitiva do PXOM e a construír logo de concedida a licenza correspondente, nos prazos nela fixados.

COARTA. A Propiedade comprométese a retirar o recurso que ten prantexado contra o Concello, ao que se fixo mención na parte Expositiva do presente Convenio, no momento de se aprobar o PXOMV que conteña a ordenación pactada; e, de se producir fallo xudicial denantes da dita aprobación, de non reclamar a súa execución, en ningún caso, antes da aprobación definitiva do dito PXOMV, e de ningún xeito, se o Plan contén a ordenación aquí acordada.

QUINTA. O presente Convenio, de carácter xurídico-administrativo, unirase ao documento de aprobación definitiva do PXOMV e para a súa formalización e perfeccionamento tívose en conta ó disposto no artigo 237 da LOUG.

SEXTA. A Propiedade asume a obriga expresa de inscribir as determinacións do presente Convenio no Rexistro da Propiedade no prazo máximo de dous meses desde o seu completo perfeccionamento, unha vez aprobado definitivamente polo pleno municipal.

SÉTIMA. A Propiedade resérvase a facultade de ceder ou transmitir os dereitos derivados do presente Convenio a favor das persoas (físicas ou xurídicas) que libremente aquela designe, mantendo o dito Convenio toda a súa forza e vixencia. Calquera transmisión da Propiedade terá que ser comunicada ao Concello denantes de transcorridos quince días.

A transmisión terá que levar parella a subrogación do novo titular nas obrigas que se derivan do presente Documento e a Propiedade comprométese a facelo así constar no documento que acredite tal transacción.

As anteditas facultades de cesión e transmisión se subordinan ao previo cumprimento da obriga establecida na Estipulación Sexta.

OITAVA. En caso de incumprimento pola Propiedade das obrigas derivadas da firma do presente Convenio unha vez transcorridos os prazos previstos na Ficha do ámbito

Convenio incorporado ao Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado pola Orde da CPTOPT de 16.05.08 e da CMATI de 24.07.09.

("Coruxo Costa")

Página 5 de 6



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

EXPEDIENTE : 7266/411

ASUNTO: Formalización de convenio urbanístico de planeamento suscrito para a ordenación dun solar en Coruxo-Costa (AOP-14), previsto no Plan Xeral de ordenación municipal

correspondente ou os que puideran estar previstos en Estipulacións anteriores, a Propiedade perderá calquera dereito indemnizatorio que puidera corresponderlle como consecuencia dunha eventual modificación nas determinacións do planeamento aplicable.

Non obstante o disposto no parágrafo que antecede, non será de aplicación a antedita consecuencia se mediara xusta causa, cuxa concorrencia, en todo caso, haberá de ser acreditada pola propiedade e posta en coñecemento do Concello antes da finalización dos prazos previstos no presente Convenio e/ou na Ficha para dar cumprimento ao mesmo.

NOVENA. En caso de incumprimento polo Concello, unicamente se efectuará a devolución recíproca das prestacións satisfeitas por ambas partes convenientes (ou do importe do seu valor), na proporción que corresponda, renunciando a Propiedade á indemnización que puidera corresponderlle en concepto de lucro cesante.

En proba de conformidade, ámbalas dúas partes asinan o presente Convenio no lugar e data consignados no encabezamento.

Polo concello de Vigo

Pola Propiedade

Asdo.: Don Abel Caballero Alvarez

Asdo. Don Jose Manuel Otero Rey



**ANEXO Nº 14 Á ORDENANZA 16:
CORUXO-COSTA**



ÍNDICE

1	ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN.....	3
2	ALIÑACIÓNS E RASANTES	4
3	DOTACIÓNS PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos).....	4
	A. Espazos Libres de Dominio e Uso Público	4
4	CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN.....	4
	A. Ocupación	4
	B. Aproveitamento.....	5
	C. Altura.....	5
	D. Altura de pisos	5
	E. Usos	5
5	PLANOS DE ORDENACIÓN.....	6
	1.- Estado Actual e Determinacións do PXOM	6
	2.- Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións.....	6
	3.- Ordenación e Usos Pormenorizados.....	6
	4.- Seccións do ámbito.....	6



FICHA DE ORDENACIÓN DE ORDENANZA 16. AOP - 14

NOME: CORUXO COSTA

DISTRITO: 2

DELIMITACIÓN: Plano Adxunto

SUPERFICIE ÁMBITO: 3.050 m²

1 ÁMBITO, CARACTERÍSTICAS E XUSTIFICACIÓN

1. O ámbito de aplicación de esta Ordenanza é a área delimitada nos planos de Ordenación Pormenorizada do Solo Urbano Consolidado coa Clave AOP-14.

2. A tipoloxía edificatoria é a de edificación illada en bloques abertos, con ou sen patios de parcela pechados ou abertos, sen prexuízo das condicións de adosamento dos bloques que se establecen nos planos de ordenación, para dar unha acaída resposta ás condicións do contorno conforme ós criterios e obxectivos formulados.

3. Establécese como Uso Característico, o Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2ª.

4. É obxectivo desta Ordenanza definir polo miúdo a ordenación desta área e regular conforme á mesma as condicións da edificación e dos usos do solo.

A presente AOP recolle a ordenación que para a parcela do seu ámbito se contén no Convenio que se propón incorporar ó PXOM e ven a dar solución a un vello problema entre a propiedade e o Concello de Vigo en razón dos cambios normativos operados na década dos 90.

A ordenación que agora se recolle parte da concepción de non sobrepasar a cota do terreo circundante; ofrecer unha imaxe atractiva no deseño do corpo edificado, utilizar diversas cotas para a edificación e resolver a dotación dos aparcamentos que por caso se lle demandan. Ó tempo se prevén, nun lugar donde non existe ningunha praza pública, 13 prazas de aparcamento e unha pequena, pero significativa parcela de espazos libres de dominio e uso público. Preténdese unha ordenación sobre unha escavación existente e as edificacións quedarán baixo a rasante das fincas colindantes, para o que se dispón que as cubertas serán planas.



Doutra parte, os terreos deste ámbito contan obxectivamente coas condicións de solo urbano consolidado, posto que nel non son necesarios xa os procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana, ou obtención de dotación urbanística, con distribución equitativa de beneficios e cargas ao estaren o suficientemente equilibradas.

2 ALIÑACIÓNS E RASANTES

Disporanse conforme a localización definida nos planos de ordenación da presente AOP, para cada unha das parcelas e coa edificabilidade lucrativa que se expresa máis adiante.

O espazo peonil, escaleiras, dun dos bordos poderá ter o carácter de aliñación.

3 DOTACIÓNS PÚBLICAS (Espazos Libres e Equipamentos)

A. Espazos Libres de Dominio e Uso Público

A presente ordenación establece como espazos libres de dominio e uso público os sinalados no plano de Ordenación e Usos Pormenorizados da presente AOP, superficie que de seguido se establece:

SUPERFICIE DE ESPAZO LIBRE PÚBLICO: 250 m²

(Correspóndese coa parcela P.2 do plano de ordenación da AOP, e se trata dunha ampliación, en talude, da beirarrúa da Rúa Canido)

Os espazos libres privados de uso público aparecen grafitados no plano 3.3 como US (uso de superficie).

Esta superficie será obxecto dun Proxecto de obras complementario ao Proxecto de edificación para a obtención da licenza.

4 CONDICIÓNS DA EDIFICACIÓN

A. Ocupación

A ocupación máxima das parcelas será:

PARCELA	P.1
Ocupación Sobre Rasante	70 %
Ocupación Baixo Rasante	100 %



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

ANEXO XUSTIFICATIVO DO CUMPRIMENTO DAS OBSERVACIÓNS FORMULADAS POLA
CPTOPT TRALA ORDE DE 16 DE MAIO DE 2008 SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA

B. Aproveitamento

Permitirase para os usos que se autorizan as seguintes edificabilidades máximas de usos lucrativos:

PARCELA	P.1
Superficie	3.050 m ²
Edificabilidade Lucrativa Máxima	2.501 m ² *

* O obrigado escalonamento da edificación pode dar lugar a espazos ou terrazas que só computarán no caso de estar cubertas.

C. Altura

- Número de Plantas Máximo Catro (4) plantas
- Altura en metros 15,00 metros

D. Altura de pisos

- A altura de libre plantas de pisos non será inferior a douscentos sesenta (260) centímetros.

E. Usos

1. *Uso Característico*: Residencial, Clase Vivenda, Categoría 2^a.

- Categoría 2^a. Vivenda multifamiliar, ou colectiva, cando sobre unha única parcela se localizan varias vivendas nunha ou en varias edificacións, que dispoñen de acceso común e compartido desde o espazo público en condicións tales que lles puidese ser de aplicación a Lei de Propiedade Horizontal.

2. *Usos Compatibles*

Serán os establecidos como compatibles no réxime de usos da ORDENANZA 6. EDIFICACIÓN EN BLOQUES ABIERTOS. En concreto no artigo 9.6.22



3. Usos Prohibidos:

- Os restantes.

F. Condicións de Cubertas.

As cubertas da edificación serán planas, non admitíndose sobre elas mais elementos que os técnicos necesarios para o funcionamento da edificación.

5 PLANOS DE ORDENACIÓN

Os seguintes:

- 1.- Estado Actual e Determinacións do PXOM
- 2.- Plano de Estrutura Viaria e Aliñacións
- 3.- Ordenación e Usos Pormenorizados.
- 4.- Seccións do ámbito.



LÍMITE DEL SOLO URBANO
 LÍMITE DEL SOLO RÚRICO
 LÍMITE DE LA COMUNA
 LÍMITE DE LA VILLA

SOLO URBANO CONSERVADO
 LÍMITE DE LA COMUNA
 LÍMITE DE LA VILLA
 LÍMITE DE LA ZONificación

SOLO URBANO NO CONSERVADO
 LÍMITE DE LA COMUNA
 LÍMITE DE LA VILLA
 LÍMITE DE LA ZONificación

SOLO URBANO CONSERVADO
 LÍMITE DE LA COMUNA
 LÍMITE DE LA VILLA
 LÍMITE DE LA ZONificación

SOLO URBANO NO CONSERVADO
 LÍMITE DE LA COMUNA
 LÍMITE DE LA VILLA
 LÍMITE DE LA ZONificación

S-01-R
SOD
SUND-01

RPC
RPD
RPL
RPLA
RPLB
RPLC
RPLD
RPLE
RPLF
RPLG
RPLH
RPLI
RPLJ
RPLK
RPLL
RPLM
RPLN
RPLO
RPLP
RPLQ
RPLR
RPLS
RPLT
RPLU
RPLV
RPLW
RPLX
RPLY
RPLZ

CS
P

AD
CC
ST
AS
ES
CA
CE
CP
CD
CU
CH
CO
CA
CE
CC
CD
CE
CF
CG
CH
CI
CJ
CK
CL
CM
CN
CO
CP
CQ
CR
CS
CT
CU
CV
CA
CB
CC
CD
CE
CF
CG
CH
CI
CJ
CK
CL
CM
CN
CO
CP
CQ
CR
CS
CT
CU
CV

PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10

PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10



PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10

PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10

PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10

PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10



PC
PC1
PC2
PC3
PC4
PC5
PC6
PC7
PC8
PC9
PC10



PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL AURENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO CONCEJALO DE VICO	
TITULO DE PLANO: ESTADO ACTUAL E DETERMINACIONES DO PLAN XERAL	
Nº DE PLANO: 1	V.5

CONSULTORA GALEGA S.L. C/ GALIENOS, 10 48940 MONTEGIOSO (LE)	PLAN DE PLANEAMENTO AOP-14 (CORILO-COSTA)
FOLIA DE PLAN: 9	ESCALA: 1:2.000 PLANO URBANO LATERAL
FOLIA DE PLAN: NA SERIE 2	FECHA: 9 DE DICIEMBRE 2008

Handwritten signature



[Handwritten signature in blue ink]

- DELIMITACION
- ALINEACION
- VIADEO ADRIAL
- VIADEO ADMSISTRADO
- PAISAJE INTERIO CONDUCA

PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL
 XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
 CONCELLO DE VIGO

TITULO DE PLANO: **2**

ESTRUCTURA VIARIA E ALINEACION

V.5 ANEXO INSTRUMENTO DE COMPROMISO DA URBANIZACION PLANIADA
 POLIGONOS 1 AL 10 DE 14. INSCRITO EN 1987. MODIFICACION DE 1988.

RECORDO PRELIMINAR DA ORDENACION URBANISTICA

CONSULTORA GALOJA S.L.
 C/ SAN MARTIN 10, 1º 1º DCHA
 36101 VIGO

CLAVE PLAN: AOP-14 (CORLUXO-COSTA)

FOLIAO DE REF. NA SUELO: 1




FOLIAO DE REF. NA SUELO: 9


ESCALA: 1/500

REFORMULADA EN: 15E

DECEMBRO 2008

[Handwritten signature]



CONSULTORA GALGOS S.L. <small>CONSELLA DE ENXERXAS</small> <small>AVDA. GALGOS, 10 - 36101 VIGO</small>		CLIENTE: XERENCIA DE URBANISMO PROXECTO: ADF-14 (CORUJO-COSTA) <small>FOLIAZO DE R.C. - ANEXO Nº 1</small>	
<small>TECNICO RESPONSABLE DA ORDENACION E URBANISMO</small> 		FOLIAS DE R.C. - ANEXO Nº 1 FOLIAZO DE R.C. - ANEXO Nº 1 ESCALA: 1/500 FECHA: 19E <small>REVISADO POR:</small> <small>DESENO:</small> <small>DECEMBER 2008</small>	
PLANO XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL XURISDICCION MUNICIPAL DE URBANISMO CONCELLO DE VIGO		ORDENACION E USOS PORMENORIZADOS Nº DE PLANO	
<small>APROBADO POR O CONCELLO MUNICIPAL DE URBANISMO E PLANIFICACION</small> <small>PLANO Nº 14 - ANEXO Nº 1</small>		V.5 <small>PLANO Nº 14 - ANEXO Nº 1</small>	